



Un ano do BNG no goberno de Barro

O pasado 13 de Xuño cumpríuse un ano da investidura de Xosé Manuel Fernández Abrales como Alcalde de Barro. Rompiase dese xeito cun goberno de 32 anos ininterrompidos do Partido Popular. Un reto moi grande porque son innumerables as carencias que, como é sabido, ten o noso Concello -arrastradas por unha mala xestión do goberno do Partido Popular- e tamén, como é sabido, porque desa mala xestión herdábanse unhas arcas públicas en auténtica banca rota, cunha débeda de máis de 1.300.000€.

Malia iso, o goberno de Barro traballa arreo para poder facer máis con menos. Por iso, sabedores de que a economía municipal non permite facer grandes obras nin paliar en só catro anos todas as carencias de Barro, o goberno aposta por unha política municipal que atravesa estes eixos:

- Un concello que escoite e conte cos veciños e veciñas: A participación veciñal é necesaria para termos unha democracia de calidade. Fronte a 32 anos dun goberno que viviu de costas á veciñanza e que non escoitou aos veciños, o novo goberno de Barro aposta por un acercamento da institución municipal aos veciños e ás veciñas, realizando asembleas periódicas por parroquias e lugares, reuníndose con todos os colectivos sociais, culturais e deportivos de Barro e tendo a porta aberta do Concello a todas as persoas que o desexen.

- Apostar pola Dinamización social e cultural: A potencialidade do concello de Barro no ámbito cultural é por todas e todos coñecida, por iso, o goberno de Barro decidiu apostar decididamente polo apoio a todas as persoas

que, colectiva ou individualmente, teñan un papel neste ámbito. Así mesmo, co mesmo empuxe, o goberno impulsa unha programación cultural moi ampla para que as veciñas de Barro teñan unha alternativa de calidade no seu propio concello.

- Un concello transparente e moderno: Somos da idea de que a transparencia é un concepto que debe ir intrinsecamente ligado, indiscutiblemente, a todas as institucións públicas a aos partidos políticos; por iso, este goberno apostou decididamente por ela. Do mesmo xeito, modernizar a institución era fundamental, por iso o goberno aposta por unha posta ao día en todos os ámbitos do Concello para andar cos tempos.

Iván Vello toma o relevo de Santi Pazos como Responsábel Local

Na última Asemblea Aberta do BNG Iván Vello foi elixido por unanimidade como novo Responsábel Local. Iván destacou o enorme papel que Santi realizou en Barro ao fronte da organización nos últimos catro anos tanto a nivel cualitativo como



cuantitativo. O novo Responsábel asegurou que "o BNG-AA debe seguir na mesma liña: "apostar por un traballo en equipo serio e organizado, apostar por facer política pensando en todos e todas e seguir apostando pola participación veciñal e a transparencia".

Así mesmo, anunciou que "o BNG-AA seguirá realizando asembleas abertas para que todas as persoas que o desexen se acheguen a contar as súas opinións, impresións, ideas ou críticas, coa intención de construír unha organización todo o útil e funcional posíbel, capaz de solucionar os problemas da veciñanza e de ser o altafalante de todas as reivindicacións sociais da clase traballadora."

ENTREVISTA CON LUÍS BARÁ TORRES, CABEZA DE LISTA AO CONGRESO

"Galiza é un país rico, pero precisa de ferramentas propias para poderse desenvolver"

Qué lle parece a nova etapa no Concello de Barro impulsada polo goberno local do BNG?

Esta é unha etapa política ilusionante. O novo goberno ten proxectos, ten enerxía e ganas de traballar polos veciños, escoitando as súas necesidades e actuando en consecuencia. Ademais, o BNG en Barro ten unha militancia traballadora, comprometida e exemplar, que está a facer unha gran campaña para estas eleccións xerais do 26X. Puidémolo comprobar nas reunións e nos actos que realizamos alí... Hai que ter en conta tamén todas as actividades que teñen a través das redes sociais, das reunións coa veciñanza. Estase a facer un moi bo traballo de e iso vainos dar moi bos resultados.

Como candidato o 26X, levará a Madrid algunha reivindicación dos veciños e veciñas de Barro?

Recentemente mantivemos unha xuntanza coa veciñanza da parroquia da Portela que está afectada polas obras

do Tren de Velocidade Alta do Eixo Atlántico porque, como consecuencia da construción dun túnel, desfixeron os pozos de abastecemento de auga. A concesionaria encargada dos traballos do tren construíu un depósito novo, pero ten moitos problemas de funcionamento, de mantemento dos bombeos e non garante o subministro. Isto non é lóxico nin normal. Dende o BNG -tanto dende o Goberno local como dende a nosa representación no Congreso- comprometémonos a trasladar ao Ministerio de Fomento unha solicitude para que ou ben lle dean unha indemnización a cada propietario afectado para que poida facer un pozo de subministro de auga novo, ou para que fagan unha rede de abastecemento en condicións. Debe haber un depósito que garanta o subministro nas mellores condicións e que lles permita aos veciños dispoñer dun servizo asumido e financiado polo Ministerio de Fomento, non por parte nin do Concello nin da empresa concesionaria, como sucede actualmente. Esta é unha reivindicación e unha demanda

que nos parece xusta e que imos apoiar en todos os ámbitos.

A situación vén de antigo...

Os veciños e veciñas levan denunciando os problemas e reivindicando a mellora do subministro dende que comezaron as obras hai 4 ou 5 anos. De feito, os traballos do tren xa foron entregados por parte da adjudicataria e a situación do abastecemento está nunha especie de limbo, porque ninguén se fai cargo do depósito. Os afectados están moi preocupados porque non lles acaban de dar unha solución. Xa mandaron cartas ao Ministerio e non obtiveron resposta... Entón, aí estamos nós, e ímoslles dar voz en Madrid.

Véselle ilusionado por defender a Galiza no Congreso, como no seu día o fixo Castelao. Como está a afrontar vostede a campaña para que o BNG volva a ter representación en Madrid?

Pois xa levamos varias semanas percorrendo a provincia, visitando localidades, e a resposta está a ser moi positiva, con moita participación nos actos que organizamos. Os nosos militantes están moi motivados para voltar a ter representación en Madrid logo de ter estado alí os últimos 20 anos demostrando que somos útiles para Galiza. Eu sintome afortunado. Por un lado é unha grande responsabilidade e sinto a obriga de estar a altura do reto porque hai traballo que facer. Na miña organización estou rodeado de persoas xeñerosas que son un exemplo e é o momento de asumir compromisos. O BNG ten que estar presente en Madrid porque ten



Luís Bará, acompañado do alcalde e de Adrián Silva nun encontro con veciños e veciñas en Barro o pasado 7 de xuño

Barro isa de ferramentas políticas r saír adiante"

unha traxectoria histórica e moito que dicir. Temos que ser protagonistas e non actores secundarios e co traballo da nosa base social poderemos chegar.

Neste momento no que hai unha grande polaridade, por que o voto a BNG-Nós é o máis útil para Galiza?

Porque se o BNG está en Madrid Galiza está. Un voto útil é aquel que defende os intereses de Galiza e nós así o demostramos cando tivemos que ser determinantes, cando se negociaron os maiores investimentos para o país. Agora volveremos a ser decisivos, e as nosas liñas vermellas serán as necesidades e os intereses de Galiza. Débese crear emprego e aplicar políticas que permitan desenvolver a nosa economía. Temos que poñer Galiza a producir e defender os seus intereses. O país precisa ter representación dunha forza 100% galega, nacionalista, porque a única garantía de facerse respectar en Madrid é o BNG. Outras forzas satélite dependen das ordes de capitáns madrileños.

Hai outras forzas que se din galegas...

A única opción alternativa nacionalista propia é o BNG. Outras opcións están subsumidas en candidaturas de carácter estatal. Dependen de indicacións de Madrid... E a xente está desencantada polo espectáculo pobre da política madrileña destes meses. Faltáronlle ao respecto a Galiza, porque estes cinco meses estivo muda, non apareceu nin nas negociacións nin nas propostas. A xente bota de menos ao BNG por-



que é a única opción de recuperar a voz propia en Madrid.

Cal debe ser a mensaxe a transmitir nestes días?

Pois que Galiza é un país rico que, a pesares das políticas en contra, ten numerosas potencialidades coas que xerar riqueza e emprego. Somos unha potencia en moitísimas materias e hai novas iniciativas que demostran que é posible saír adiante, ter confianza. O que está claro tamén é que sacar o país adiante depende de nós... Podemos lembrar a frase de Castelao que dicía, 'Quen pode salvar Galiza? Galiza mesma',

ou tamén a Celso Emilio, que aseguraba que 'Non virá de fóra remedio ou esperanza'. Sabemos que estamos nunha situación de emerxencia nacional e social, que se está castigando ás clases traballadoras, pero temos que ter ferramentas políticas e financeiras propias para poder saír adiante. Galiza ten que ser protagonista en Madrid, e o 26X é unha segunda oportunidade para poder selo. Un deputado do BNG, nun momento no que non haberá maiorías absolutas, pode ser fundamental para desplazar ao PP e condicionar o goberno e as súas políticas en beneficio dos intereses das galegas e galegos.

ENTREVISTA CON ROBERTO RIVAS, 2º TENENTE DE ALCALDE
E CONCELEIRO DE CULTURA, FESTAS, PATRIMONIO E MEDIO RURAL

"Que tanta xente de fóra veña a pasar o seu tempo de lecer a Barro significa que o estamos a facer ben"

Roberto, a túa concellería engloba moitos temas distintos e, ademais, é a máis ampla do goberno. Como se leva unha concellería de tanta dimensión?

Con moitas ideas e moito traballo e dedicación, pero formamos un goberno unido e solidario que, grazas ao traballo en equipo, saca todo o que lle poñan para diante.

Cal foi a primeira medida que tomou a túa concellería?

Foron dúas: por unha banda estaba a necesidade de impulsar unha programación conxunta entre o concello e as asociacións, para romper esa barreira que levaba levantada 32 anos. Dese modo visualizamos o traballo de todas as entidades que promoven, dun xeito ou doutro, a cultura en barro. E por outra banda, foi impulsar os convenios co Grupo de danzas Amor Ruibal, coa Banda Xuvenil de Barro e coa Coral Polifónica de Barro. Entidades cun labor formativo importantísimo para o noso concello. A sinatura destes convenios serve ademais, para liquidar a débeda económica que o concello de Barro arrastraba con elas desde hai décadas.

Como responden os veciños e veciñas á oferta cultural do Concello?

Estupendamente. Por unha banda cabe resaltar a actitude aberta e colaboradora de todas as entidades que están dentro do tecido cultural do concello, que están

poñendo todo da súa parte para que haxa unha programación intensa e de moita calidade. E pola outra banda está unha fantástica resposta do público; que arroupa todos os eventos e anima a seguir programando.

E iso que tomastes decisións arriscadas coma a da cabalgata...

Sen dúbida, facer a Cabalgata de Reis no seu propio día era unha decisión arriscada, pero finalmente foi un éxito rotundo de participación, ata o punto de que o Pazo da Crega non chegou a nada con tanta afluencia de xente. Por certo, moita desa xente non era de Barro pero achegouse ao noso concello ao saber que tiñamos unha programación de Nadal tan completa e tan distinta ao habitual. Que tanta xente de fóra do concello veña a pasar o seu tempo de lecer a Barro significa que o estamos a facer ben.

Ides introducir algún cambio significativo máis na Festa do Viño ou cres que o formato xa non se debe modificar máis?

A Festa do Viño é un evento xa consolidado que xoga un papel moi importante na promoción de Barro e dos nosos viños, pero unha espiña que temos cravada é que aínda non demos encaixado os viños de colleiteiro na Festa. Coidamos que os viños caseiros deben ter a oportunidade de poderen ser vendidos na festa, pero de



momento encontrámonos cunha serie de trabas legais que non o permiten.

Que fixo o concello para dar resposta á demanda de cursos de manipulador de produtos fito sanitarios?

Sabíamos ía haber moita demanda, polo que nos puxemos en contacto con varias empresas para intentar que os veciños non tiveran que desprazarse a fóra de Barro. Finalmente conseguímolos e colaboramos coa empresa organizadora asumindo o concello o importe das taxas de exame para a totalidade, que foron máis de 150 persoas. Un auténtico éxito de participación.

Como contactar co BNG Barro
Teléfono: 620.262.802
bngbarro@gmail.com

Como contactar co BNG Nacional
Sede Nacional. Avda. Rodríguez de Viguri 16, baixo
15703 Santiago de Compostela. 981555850
www.bng.gal
nacional@bng.gal

